

Á Mesa da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnización millonarias dos seus ex directivos.

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto nas normas de funcionamento da devandita Comisión, presentan a seguinte **Proposta de Plan de Traballo**.

Exposición de Motivos.

O proceso de privatización, fusión e liquidación das caixas foi un elemento mais da crise estafa capitalistas urdida para liquidar os dereitos e escaso benestar social acadado e polo tanto tamén, para privatizar o aforro popular mediante a bancarización definitiva das caixas.

Por iso é imprescindible desenvolver un proceso de investigación, novo, que non pretenda soamente dar punto final a frustrada comisión da lexislatura anterior, conxelada por decisión do Partido Popular, cando non interesaba en termos electorais, un proceso de investigación novo que permita saber e coñecer exactamente o que pasou para depurar responsabilidades de xestión, dos xestores das caixas, pero tamén dos responsables políticos do latrocinio .

Propoñemos polo tanto ampliar o obxecto da investigación ,por un lado analizar as responsabilidades dos directivos a vinculación entre oligopolio financeiro e inmobiliario co poder político na decisión de liquidar o sistema de caixas, pero ademais introducir dous elementos, saber quen foi o responsable de ter liquidado



precipitadamente unha entendida (a fusionada) que ía camiño de gañar valor, sen que existise ningunha norma que obrigara a facelo nin ningún indicador económico que así o aconsellase.

Non existía condicionante de ningún tipo para tomar esa decisión, quen tomou a decisión de privatizar a perdas de forma precipitada NovaGalicia Banco debe ser tamén un dos obxectivos da comisión .

A segunda cuestión. Entendemos como certo que os directivos cometeron latrocinios e erros, pero iso non foi mais que a pista de aterraxe dunha decisión previa dos dous grandes partidos do estado, en convivencia co oligopolio financeiro materializada a través do banco de España de acabar coas caixas de aforros, decisión do oligopolio político financeiro, para evitar o poder político e músculo financeiros nas comunidades autónomas.

Este país precisa coñecer ademais, cantos dos 9.000 millóns de euros de perdas de Nova Galicia Banco, estivo vinculado a súa conta de explotación, a burbulla inmobiliaria, a operacións cuestionables no estranxeiro e no Levante español, e canto ten a ver cos recursos que tiveron que poñerse como consecuencias de decretos do banco de España nos goberno dos anos 2010 o 2012, e dos ministros de facenda, existe unha estratexia planificada para liquidar as caixas de aforros , que non respondía aos criterios de Basilea tres.

Obxectivo debe ampliarse no so para redactar cun informe do que xa hai senón que hai que amplialo ao proceso de liquidación precipitada, sen esquecer o período previo da burbulla.

Non debe realizarse un ditame co que xa está escrito se non que debemos incrementar os traballos de análise de documentación e de comparencias, queremos unha comisión de investigación , non un trámite a medida do goberno.

Non pode en ningún caso converterse esta comisión nunha nova versión do acontecido no pasado, onde non bastou a condición de representantes lexítimos



do pobo galego, para que o PP respectase os mínimos dereitos en termos de acceso a información e transparencia. Esta comisión debe evitar a denegación sistemática de documentación, os atrancos para admitir as comparecencias ou as continuos boicots as mesmas.

Punto 1. Ámbitos de Investigación.

- Análise da procedencia das perdas das antigas Caixas de Aforro en dous ámbitos, conta de resultados e resultantes de decisión políticas do Banco de España.
- Actividade financeira na “Burbulla inmobiliaria”, e operacións das antigas caixas fora de Galicia.
- Analizar e determinar o uso de prácticas de “estafas masivas” por parte dos seus ex directivos a clientes e cidadanía.
- Indemnizacións millonarias a os ex directivos e aportacións opacas a outras figuras.
- Responsabilidades políticas en decisión adoptadas pola Xunta de Galicia ao abeiro da súa función de tutela.
- Actuacións do Banco de España, FROB e Ministerio de Economía, análise das consecuencias das súas decisións.
- Análise e avaliación das responsabilidades do Banco de España e dos partidos políticos que aprobaron ou avalaron a privatización das caixas de aforros, obrigándoas a converterse en banco, na imposición dun proceso de reordenación do sector o servizo da oligarquía financeira.

- Analizar o papel dos consellos de administración na aprobación das retribucións inmorais das Caixas.
- Análise do proceso de fusión e valoración da entidade resultante.
- Análise e consecuencias da venda precipitada da entidade fusionada.
- Responsables da toma de decisión que precipita a venda da entidade fusionada.
- Análise das decisión políticas para acadar a liquidación das caixas.
- Análise da situación actual provocada por estas decisións.

Punto 2. Fases da Comisión

2.1 Solicitude de información e documentación requerida, análise das mesmas.

2.2 Comparecencias perante a Comisión.

2.3 Elaboración da proposta de ditame.

2.4 debate e posterior aprobación, se procede, pola comisión da proposta de ditame. (elaboración dos votos particulares si é o caso)

Punto 3. Documentación a aportar á comisión.

- Expediente completo da fusión das caixas, coa totalidade dos informes técnicos elaborados, incluídos os realizados polos técnicos da Consellería de Facenda.
- Caderno de vendas elaborado por BNP-Paribás.

- Carta de encargo pola que a Xunta de Galicia encargou a KPMG unha chamada “*due diligence*”.
- Actas dos consellos de administración das caixas galegas dende 1996 en diante.
- Conxunto da documentación xerada no proceso de venda de NCG que obra en poder da Xunta, do FROB e do Goberno Central
- Garantías dadas e a súa avaliación en termos económicos por parte do Fondo de Rescate á entidade compradora.
- O Balance real dos créditos fiscais garantidos á entidade compradora.
- Relación e achega de cantos informes, notas, autorizacións e outra documentación se teña elaborado pola administración galega no exercicio das funcións e competencias da Consellería de Facenda e Economía e da Dirección Xeral de Supervisión das Caixas de Aforros e entidades Financeiras relativos, entre outras a:
 - Análises, supervisión, inspección financeira e sanción en materia de caixas de aforros e outras entidades, no exercicio das funcións de vixilancia no cumprimento da normativa sobre recursos propios e solvencia e da realización de informes periódicos sobre a evolución económico-financeira das entidades.
 - O Control e supervisión dos acordos das asembleas xerais das caixas de aforros galega relativos á determinación dos excedente e a súa distribución conforme á normativa aplicable, así como aos orzamentos anuais, a súa liquidación e a creación de novas obras benéfico-sociais.
 - As de protección da clientela destas entidades.

- A relación nominal dos 200 préstamos máis importantes concedidos, achegando a información seguinte: os nomes das persoas físicas ou xurídicas, a contía dos mesmos, ao sector produtivo o que se destinaron e máis o tipo de xuros.
- A relación nominal dos 100 proxecto de investimento máis importantes, dando conta do nome do proxecto, cuantía e domicilio social da empresa.
- Informes dende o ano 2005 sobre a situación das caixas realizados polos inspectores do Banco de España.
- Valoracións feitas por KPMG, Oliver Witman, Roland Berger e outras sobre a situación patrimonial das caixas.
- Informes, requirimentos, circulares e tódalas comunicacións remitidas polo Banco de España a cada unha das entidades.
- Auditoría realizada por KPMG a petición da Xunta de Galicia para a valoración de NovacaixaGalicia.
- Información referida ao traspaso de activos entre NCG Banco e Novacaixagalicia.
- Recurso da Xunta contra a valoración de Novacaixagalicia.
- Contrato relativo ao proceso de arbitraje contraído con PwC.
- Auditorías realizadas que avalaron a emisión de obrigacións subordinadas e preferentes (PwC, Deloitte, AFI...)
- Relación detalladas de bens ou activos de calquera das entidades galegas vendidos ou cedidos a directivos/as ou familiares en calquera grado de familiaridade ou consanguinidade.

- Documentación que acredite as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia ou FROB para evitar novos pagamentos a ex-directivos.
- Documentación entregada en materia de captación de investidores privados en NCG Banco S.A.
- Documentación relativa aos desinvestimentos en empresas participadas e enaxenacións patrimoniais.
- Documentación e acreditacións documentais sobre os diversos procesos de eleccións de persoal de alta dirección das entidades dende o 2000.
- Documentación presentada perante a Comisión Europea para a reestructuración e recapitalización de NCG Banco S.A.
- Documentación completa referente a venda e privatización de NCG Banco S.A.
- Documentación das correspondencia, certificacións e diversos escritos remitidos pola Comisión Europea, Goberno Central, Xunta de Galicia, FROB , bando de España a Nova Galicia banco S.A.
- Relación de activos traspasados a SAREB.
- Acordos relativos as indemnizacións de ex-directivos
- Contratos laborais, liquidacións, finiquitos, plans de pensión dos ex-directivos.
- Acordos tomados polas órganos reitores referentes as indemnizacións dos ex-directivos.
- Informe da Consultaro Deloitte coa valoración do NovaGalicia Banco para a súa fusión co Banco Etxeberría.

- Documentación acreditativa de tódalas operacións realizadas entre as Caixas e os membros dos seus consellos de administración .

Punto 4. Relación de comparecentes solicitados.

- *Mafo*
- *Marta Fernández Currás.*
- *Jesus F Valero (Deloitte)*
- *Jose Maria Mendes (CECA)*
- *Cesar González Bueno*
- *Andreu Missé*
- *Alberto Nuñez Feijoo*
- *Jose María Castellano*
- *Responsables informe McKinsey*
- *Responsables informe BNP*
- *Responsables Caderno de vendas.*
- *Responsables KPMG*
- *Responsables PwC*
- *Responsables Deloitte.*
- *Javier Aríztegui*



- *Fernando Restoy*
- *José Luis Méndez López*
- *José Luis Méndez Pascual*
- *Yago Méndez Pascual*
- *José Luis Pego*
- *Gregorio Gurriarán*
- *José Ramón Fernández Antonio.*
- *Elena Salgado Méndez.*
- *Elena Muñoz Fonteriz*
- *Pedro Solbes Mira*
- *Antonio Carrascosa Morales (FROB)*
- *Miguel Angel Fernández Ordoñez*
- *Luis María Linde*
- *Clodomiro Montero. CIG Banca*
- *Secretario Federación Banca CC.OO Galicia*
- *Voceiros plataformas afectados preferentes.*

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2017.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 17/03/2017 13:54:53

Antón Sánchez García na data 17/03/2017 13:55:11

Luis Villares Naveira na data 17/03/2017 13:55:25